

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Daniel Mallo Castro
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dous de novembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Daniel Mallo Castro, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 25 de outubro de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 25 de outubro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde de 21 de outubro de 2022 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se modifica a Orde de 29 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras e se

convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (Diario Oficial de Galicia número 6, de 11 de xaneiro). DOG núm. 206, do 28-10-2022.

- Orde de 24 de outubro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se modifica a Orde de 29 de decembro de 2021, pola que se regulan os criterios de reparto e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 16, de 25 de xaneiro). DOG núm. 206, do 28-10-2022.

- Orde de 24 de outubro de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se modifica a Orde de 7 de xuño de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do Programa de economía circular e do Plan de impulso ao ambiente-PIMA residuos, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975N). DOG núm. 206, do 28-10-2022.

- Orde de 19 de outubro de 2022, da Consellería de Política Social e Xuventude, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperán nos anos 2022 a 2024, susceptible de ser cofinanciada polo Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se realiza á súa convocatoria (código de procedemento BS700A). DOG núm. 207, do 31-10-2022.

- Resolución de 20 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde de 28 de abril de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022 (código de procedemento MT975M). Figura como no beneficiario Consorcio As Mariñas (Cambre), polo motivo: "o proxecto non acadou a puntuación de corte de 49,1 puntos requirida para a liña 2, tendo en conta a disponibilidad orzamentaria existente. DOG núm. 208, do 02-11-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE "REPOSICIÓN E AMPLIACIÓN DE HIDRANTES DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NO P.I. DE ESPÍRITU SANTO, CECEBRE. CAMBRE (A CORUÑA)". EXPEDIENTE 2022/C003/000008

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de outubro de 2022 (CVD: EbshBwqqHlxSGRLG1Y4O), relativa á proposta de designación da coordinación de seguridade e saúde no contrato para a execución da obra de "Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña)". Expediente 2022/C003/000008 que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día once de outubro de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que di:

“(…)

Cuarto: Adxudicar, de conformidade coa proposta formulada polo órgano de asistencia designado no presente expediente con data 7.09.2022, a obra de Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no PI de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña) a prol do licitador Construcciones Pan y Díaz SL, con NIF B15021116, no prezo ofertado de 38.041,54 euros sen IVE, 46.030,26 € euros IVE incluído, por ser a oferta mellor valorada en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos na cláusula 15.3 do PCAP, sen atoparse incurso a súa oferta en presunción de resultar anormalmente baixa; isto, de conformidade co establecido no artigo 159.4, punto 2º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

(…)”

No citado acordo non se designou ao coordinador/a de seguridade e saúde.

O servizo de “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” (expediente TEdc 2020/C004/000022) adxudicouse á entidade Gallega de Coordinacións S.L., mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada con data de 6 de xullo de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Designar como coordinador/a de seguridade e saúde da obra de “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no PI de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña)” ao/á técnico/a que corresponda da entidade Gallega de Coordinacións, S.L., adxudicatario do servizo de “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre”, segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data de 6 de xuño de 2021.

Segundo: Notificar o presente acordo á entidade Gallega de Coordinacións, S.L., ao adxudicatario do contrato e á responsable do contrato.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 26 de outubro de 2022 (CVD: EbshBwqqHlxSGRLG1Y40), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DA DIRECTORA DE OBRA DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE EN LENDOIRO. A BARCALA. FASE 1”. EXPEDIENTE 2021/C003/000013

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2022 (CVD: 7ZKbGfjxODQJAJlfisL), relativa á proposta de designación da directora de obra do contrato para a execución do “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1”. Expediente 2021/C003/000013, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de marzo de 2022 se adjudicou a obra do “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1” a prol do licitador “Excavaciones Santiños, SL” no prezo total ofertado de 44.905,00 euros sen IVE, 54.335,05 euros IVE incluído.

Visto que no dito acordo, designase como responsable do contrato e director da obra ao arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen, de conformidade co establecido no art. 62 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Visto a providencia emitida con data de 28 de outubro de 2022 (CVD: 5hykRJmbiWyH1u6NJEd) polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, que di:

“Logo de ver que a obra denominada “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1”, foi adjudicada, estando actualmente en fase de execución. Logo de ver que segundo acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dous de marzo de dous mil vinte e dous, na cláusula “Sexto”, designase como responsable do contrato a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da presentación pactada. Igualmente, a dirección de obra corresponderalle a don José Ramón Díaz Barbeito, arquitecto municipal.

Tendo en conta que na actualidade faise necesario cambiar a dirección de obra a favor de dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas municipal, por cuestións organizativas.

Tendo en conta que a obra a día de hoxe non está iniciada.

A medio da presente, RESOLVO Que se realicen os trámites oportunos para proceder ao cambio da denominación da dirección da obra denominada “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1”, a favor de dona Elena Bartolomé Delanoë, enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Cambre.”.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Deixar sen efecto a designación como director da obra denominada “Proxecto básico e de execución de Mellora de accesibilidade en Lendoiro. A Barcala. Fase 1”, efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 2.3.2022, a prol do arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, e designar como directora da dita obra a dona Elena Bartolomé Delanöe, enxeñeira técnica de obras públicas do Concello de Cambre.

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario do contrato, ás entidades adxudicatarias da coordinación da seguridade e saúde da obra e do control de calidade, así como ao arquitecto, don José Ramón Díaz Barbeito, e á directora da obra, dona Elena Bartolomé Delanöe, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2022 (CVD: 7ZKBgGfjxODQJAJlfisL), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.”

3.3. RESOLUCIÓN CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE Á OBRA DENOMINADA “DESCRIPCIÓN TÉCNICA PARA A AMPLIACIÓN E DESMONTE DE MURO PERIMETRAL EN BREXO (POUSADOIRA), CAMBRE”, ADXUDICADO Á EMPRESA “OCISAT, S.L.” NO PREZO DE 8.000,00 EUROS SEN IVE, 9.680,00 EUROS IVE INCLUÍDO. EXPEDIENTE 2021/C002/000055

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2022 (CVD: uIW444N0PaLvFENm06qH), relativa á resolución contrato menor correspondente á obra denominada “Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre”, adxudicado á empresa “OCISAT, S.L.” no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído. Expediente 2021/C002/000055, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e un de xuño de dous mil vinte e dous, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“(…)

Primeiro: De conformidade co establecido nos artigos 190, 193 e 211.1 d), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, incoar expediente para a resolución do contrato menor correspondente á “Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre”, adxudicado á empresa “OCISAT, S.L.” no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído (expediente número 2021/C002/000055), mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día nove de novembro de dous mil vinte e un, con base no seguinte motivo:

A demora inxustificada na comprobación do replanteo, segundo o artigo 245.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Segundo: Conceder audiencia ao contratista polo prazo de **dez días naturais** a contar dende o seguinte ao do envío da notificación da presente resolución, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Terceiro: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto: Notificar aos Departamentos de Urbanismo e Intervención Municipais, para os efectos oportunos.

(...)"

Consta no expediente "documento xustificante do sistema Notifica.gal" do que se deriva que con data do 12 de xullo de 2022 a notificación efectuada a OCISAT S.L. foi "rexeitada por non acceder en prazo".

A día de hoxe, non consta no expediente escrito ningún presentado polo adxudicatario.

Consta no expediente o informe proposta emitido con data 27.10.2022 pola Técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral (CVD: iHdVVm0ohACCadpf9O2G).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Resolver o contrato menor correspondente á obra denominada "Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre", adxudicado á empresa "OCISAT, S.L." no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído (expediente TEdC número 2021/C002/000055), con base no seguinte motivo:

A demora inxustificada na comprobación do replanteo, segundo o artigo 245.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Segundo: Notificar á empresa OCISAT S.L., así como aos departamentos municipais de Urbanismo e Intervención.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2022 (CVD: uIW444N0PaLvFENm06qH), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.4 PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA CANARGA, S.L., ADXUDICATARIA DA OBRA “RENOVACIÓN DO FIRME NAS PARROQUIAS DE SANTA MARÍA DE VIGO, PRAVIO E OUTRAS, CAMBRE 2012, OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2013”. EXPEDIENTE 13/15-3 OB (TEDEC: 2022/X006/000141)

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2022 (CVD: HfwBIR+FS5DZRdPJK0r8), relativa

á proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Canarga, S.L., adxudicataria da obra “Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2013”. Expediente 13/15-3 OB (TEDEC: 2022/X006/000141), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 24 de setembro de 2013, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Canarga, S.L., para a obra “Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2013”. Expediente 13/15-3 OB

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario de data 13/09/2013 e importe de 5.968,84 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 569 e data do 18/09/2013, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 02 de xuño de 2022, (CVD: N6YoGm4a8mbZVFntDJdc).

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 27 de outubro de 2022, (CVD: bchR++QFzxO9xTJrXGV6).

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Canarga, S.L.”, no expediente número 13/15-3 OB para a “Renovación do firme nas parroquias de Santa María de Vigo, Pravio e outras, Cambre 2012, obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2013”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de outubro de 2022 (CVD: HfwBIR+FS5DZRdPJK0r8), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 21 de outubro ao 27 de outubro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1800/2022 e rematan coa Resolución da Alcaldía núm. 1866/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1800/2022	21-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de outubro de 2022



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1801/2022	21-10-2022	Arquivar o expediente número 2022/I002/000011 incoado a MCP, pola instalación dun toldo na fachada do baixo sito en rúa Castellana que tal como queda acreditado queda solventado coa presentación da comunicación previa número 2022/U026/000073
1802/2022	21-10-2022	Arquivar o expediente número 2019/I002/000014 incoado a MBG pola realización de actos consistentes na ampliación dun galiñeiro na finca sita en Anceis, posto que tal como queda acreditado a demolición da ampliación do galiñeiro existente executouse, dando así cumprimento ao ordenado en resolución do concelleiro de urbanismo e obras de data 18 de febreiro de 2020
1803/2022	21-10-2022	Declarar a NCF responsable dunha infracción de carácter grave consistente na realización de movementos de terras, eliminación dunha fonte e un lavadoiro, e a realización de dous tramos de cerramentos de postes e malla e un cerramento vexetal e modificacións dun curso natural de auga na finca sita en Aián, Sigrás, sen axustarse ás comunicacións previas presentadas nos expedientes nº 2021/U026/000214 e 2021/U026/000329, ao non ser as ditas obras legalizables, e como consecuencia impoñerlle a sanción de multa de 6001 euros
1804/2022	21-10-2022	Suspender inmediatamente os vertidos de augas pluviais ao camiño público inventariado co número 1C.1.0191, provenientes da finca sita en Graduill, Cambre, sen autorización
1805/2022	21-10-2022	Aceptar o desistimento e declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por NCF, para a realización de obras en Aián, Sigrás, consistentes na retirada da cuberta do alpendre, colocación dunha nova cuberta de panel sándwich e construción de paramentos verticais mediante fábrica de bloque de hormigón, ao terse informado desfavorablemente pola arquitecta técnica municipal con data 6 de xuño de 2022
1806/2022	21-10-2022	Suspender a actividade de vending que se está a realizar en rúa Pintor Pablo Manzano, , por canto que non se axusta á comunicación previa presentada
1807/2022	21-10-2022	Cesamento funcionaria interina VSO
1808/2022	21-10-2022	Aprobar a lista provisional admitidos e excluídos e composición tribunal docentes de enerxía e auga e instalacións e mantemento (Plan AFD)
1809/2022	24-10-2022	Aprobación de facturas e gastos, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 76.312,17 euros
1810/2022	24-10-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe total de 85.182,83 euros
1811/2022	24-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para tres recibos de alugueiro correspondentes a agosto, setembro e outubro de 2022 a M.T. por un importe total de 1170 euros
1812/2022	24-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a C.R.G. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto.
1813/2022	24-10-2022	Aprobación de certificación correspondente ao servizo de acondicionamento do entorno do río Mero ao seu paso polo término



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		municipal de Cambre. Convenio Augas de Galicia 2020-2023. anualidade 2022, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe de 27.440,97 euros, así como o seu pagamento
1814/2022	24-10-2022	Rectificación da Resolución de aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do tercer trimestre de 2022
1815/2022	24-10-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 27 de outubro de 2022
1816/2022	24-10-2022	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de outubro de 2022
1817/2022	24-10-2022	Conceder a RVBordex, SL, a licenza municipal solicitada para a ocupación de 208 m ² de vía pública polo prazo de 2 meses fronte ao edificio sito na rúa Rosalía de Castro,, O Temple, con motivo da execución das obras consistentes na substitución das fiestras de cuberta e colocación de illamento térmico e tella cerámica curva na cuberta do citado edificio
1818/2022	24-10-2022	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a dona MDAdelY, AMAdelY, MIAdelY, MCAdelY e MAAdelY con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o cumprimento da resolución núm. 1932/2021 do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 8 de novembro de 2021
1819/2022	24-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela, rúa Isaac Peral, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en tres módulos, sen título habilitante municipal, e caducidade da acción para a reposición da legalidade urbanística respecto das ditas obras
1820/2022	25-10-2022	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais concedidas á entidade Beisbol Cambre para actividades e transportes deportivos correspondentes ao ano 2019
1821/2022	25-10-2022	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 15/2022. Subvención para a realización das accións formativas para persoas traballadorea desempregadas do Plan AFD 2022/2023
1822/2022	25-10-2022	Solicitude subvención ás entidades locais a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de pais e nais para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento SI436A, SI436B e SI436C), da Secretaría Xeral da Igualdade
1823/2022	25-10-2022	Tramitación de Decretos - 18484/2022 Resolución de primeiras alegacións Ordinario
1824/2022	25-10-2022	Tramitación de Decretos - 14521/2022 Resolución de primeiras alegacións Ordinario
1825/2022	25-10-2022	Aprobar a nómina do mes de outubro de 2022
1826/2022	25-10-2022	Conceder o anticipo a funcionaria M de JS
1827/2022	25-10-2022	Execución do aval outorgado pola entidade CAIXA GALICIA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 560-0704-000091/0, e prestado a D. José Antonio García Conde, en garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e D. Ramón Suárez-Pumariega Molezún o 20 de xaneiro de 1993, sito no lugar do Piñeiro, parroquia de Brexo
1828/2022	25-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a S.B.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1829/2022	25-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a K.A.T.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1830/2022	26-10-2022	Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de setembro de 2022 e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de outubro de 2022.
1831/2022	26-10-2022	Convalidación da omisión do trámite de fiscalización preceptiva previa da aprobación da concesión dos premios do Certame Literario Xoán Díaz – Concello de Cambre 2022
1832/2022	26-10-2022	Incoación do expediente de baixa de oficio do padrón de habitantes - Aldan Rodríguez Montes e Lara Antonella Lucci Machado
1833/2022	26-10-2022	Tramitación de Decretos - 9950000027187 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1834/2022	26-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela rúa Zeppelin, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre
1835/2022	26-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na segregación dunha porción de dezasete áreas setenta e seis centiáreas, de finca de corenta e catro áreas, dezaseis centiáreas, sen licenza municipal
1836/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social recibo de alugueiro mes de xullo 2022 a J.A.M.V. por importe de 238,04 euros
1837/2022	26-10-2022	Denegación axuda emerxencia social para gastos farmacéuticos a N.B.B. por superar o importe máximo anual a percibir establecido na ordenanza reguladora
1838/2022	26-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a L.P.F. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1839/2022	26-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a G.S.J. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1840/2022	26-10-2022	Desistencia de axuda de emerxencia social alimentación M.R.M.
1841/2022	26-10-2022	Desistencia axuda emerxencia social alimentación S.F.D.
1842/2022	26-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a F.M.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1843/2022	26-10-2022	Concesión axuda emerxencia social alimentación a A.A.R.A. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
1844/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de auga a M.E.G. por importe de 46,26 euros
1845/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibos de luz a N.P.S.O. por un importe total de 818,91 euros



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1846/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro de setembro de 2022 a R.F.A.V. por importe de 250 euros
1847/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de gas a A.D.C.M. por importe de 29,14 euros
1848/2022	26-10-2022	Concesión de axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro agosto 2022 a E.S.B.M. por importe de 350 euros
1849/2022	26-10-2022	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a NCFi periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras do día 21 de xuño de 2022, pola que se ordenou a demolición dos cerramentos realizados no linde sur da parcela
1851/2022	26-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 25.740,87 euros
1853/2022	26-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 11.219,94 €
1854/2022	26-10-2022	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 62.269,57 euros
1855/2022	26-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal de habitantes MdelCTT, VRAT e OPG
1857/2022	26-10-2022	Convalidación da omisión de fiscalización do expediente 2022/G003/000088
1850/2022	27-10-2022	Baixa de dona MJGH no rexistro municipal de unións non matrimoniais
1852/2022	27-10-2022	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas, así como o seu pagamento por importe de 6.353,87 euros
1856/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal VAM
1858/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal de habitantes SBP
1859/2022	27-10-2022	Convocar proceso para a selección dun técnico de xestión de Administración Xeral pola existencia de praza vacante, de conformidade co artigo 10-1a) do Texto Refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 e para a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración Xeral interinos e aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
1860/2022	27-10-2022	Conceder a CS, SL, a licenza municipal para a ocupación de 65 m ² de vía pública, por un período de 25 días, fronte ao edificio sito na rúa Constitución, O Temple, con motivo da execución das obras de substitución da cuberta do citado edificio
1861/2022	27-10-2022	Conceder a MCPM licenza solicitada para a colocación dunha terraza, composta por seis mesas con catro cadeiras cada unha en primavera e verán (20,24 m ²) e por catro mesas con catro cadeiras cada unha en outono e inverno (15,84 m ²), na finca sita na rúa Castellana, Cambre,
1862/2022	27-10-2022	Contrato Menor para representación ante o Xulgado nº5 da Coruña no procedemento 578/2022 interposto por dona María Dolores Barreiros Abeal contra o Concello de Cambre
1863/2022	27-10-2022	Declaración de prescrición das infraccións urbanísticas cometidas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		como consecuencia das segregacións practicadas sen licenza municipal sobre un baixo sito na rúa Constitución, O Temple, e caducidade da acción para a reposición da legalidade - Solicitante: J.P.V.
1864/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio do padrón municipal padrón de habitantes de JMdePV.
1865/2022	27-10-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación a N.M.G.S. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1866/2022	27-10-2022	Incoación de expediente de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes JBL

5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo